

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BERGONDO

##### Secretaría

*Lista definitiva de aspirantes admitidos-excluídos selección dunha praza de operario de servizos varios-tractorista. Nomeamento do Tribunal. Valoración de méritos. Fixación data primeiro exercicio*

**Lista definitiva de aspirantes admitidos-excluídos no proceso de selección dunha praza de operario de servizos varios-tractorista, persoal laboral fixo OEP 2020. Nomeamento do Tribunal. Valoración de méritos. Fixación data primeiro exercicio**

Con data 3 de agosto de 2021, esta alcaldía ditou o Decreto núm. 915/2021, polo que se resolve:

“Por Resolución da Alcaldía núm. 211/2021, do 1 de marzo, modificada pola Resolución núm. 250/2021, do 9 de marzo, aprobáronse as bases específicas para a provisión en propiedade con persoal laboral fixo dunha praza de operario de servizos varios-tractorista, polo sistema de concurso-oposición, incluída na oferta de emprego público do 2020 e a convocatoria das correspondentes probas selectivas.

As devanditas bases publicáronse no BOP n.º 49 do 15.03.2021. No “Diario Oficial de Galicia” n.º 59 do 29.03.2021, publicouse un extrato da citada convocatoria. No “Boletín Oficial do Estado” n.º 87, do 12.04.2021, publicouse a convocatoria comezando o prazo de presentación de instancias, de 20 días naturais; rematado o prazo de presentación de instancias, e consonte co establecido na base 3.ª.2 das bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (BOP núm. 43 do 05.03.2021), esta alcaldía ditou a Resolución n.º 534/2021, publicada no BOP n.º 88, do 12.05.2021, pola que se aprobaba a lista provisional de admitidos e excluídos, sinalando un prazo de 10 hábiles días para os efectos de emenda da solicitude.

Rematado o prazo sinalado na base 4.ª.1 das bases xerais citadas, e consonte co previsto no apartado 2 da mesma, no exercicio das facultades atribuídas a esta Alcaldía polo art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, RESOLVO:

**Primeiro.**–Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos ao proceso de selección dunha praza de operario de servizos varios-tractorista, incluída na OEP 2020, expresando as causas que motivan a non admisión, que figuran de seguido:

ADMITIDOS				
N.º	Apelidos e nome	DNI	Ex.	Celga
1	BALBIS BABIO, ANTONIO	***1620**	GAL	NON
2	BALBIS BABÍO, MIGUEL	***0445**	C	SI
3	BARJA VAL, JUAN	***9721**	C	SI
4	FERNÁNDEZ OTERO, JORGE	***3707**	C	NON
5	GARCÍA ALVARELLOS, CARLOS	***8911**	GAL	NON
6	GAYOSO PONTE, PABLO	***0153**	C	SI
7	LÓPEZ BARRO, FRANCISCO	***1698**	C	SI
8	PÉREZ BARREIRO, RUBÉN	***5538**	C	SI
9	PERMUY RIO, DAVID	***8069**	GAL	SI
10	REBOIRO PONTÓN, CARLOS	***6854**	GAL	SI
11	SÁNCHEZ MOSQUERA, JUAN CARLOS	***3749**	C	SI
12	SÁNCHEZ SÁNCHEZ, IVÁN	***4608**	C	SI
13	VÁZQUEZ ÍNSUA, JOSÉ ANTONIO	***3094**	C	SI

EXCLUÍDOS			
N.º	Apelidos e Nome	DNI	Motivo exclusión
1	CAMBÓN RÍOS, JOSÉ RAMÓN	***9645**	(1)

(1) Non achega copia da titulación requirida (base 3.ª.3.b) das bases xerais, en relación coa 4.ª das específicas)

A inclusión dos aspirantes na lista de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte da Administración Municipal de que aqueles reúnan os requisitos esixibles para ser nomeados funcionarios, requisitos que deberán acreditarse segundo o establecido nas normas concretas da respectiva convocatoria.

**Segundo.**—De conformidade coa Base 5.<sup>a</sup> das bases xerais (BOP núm. núm. 43 do 05.03.2021) designar ao seguinte Tribunal cualificador das probas:

**Presidenta:**

Titular: Dña. Laura Gutierrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo); suplente D. Carlos A. Vega García (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional de Santa Comba).

**Secretaria:**

Titular: Dña. Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo); suplente D. Federico Suárez Cancelo (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Oroso).

**Vogais:**

1.º vogal: Juan Carlos Gómez Pérez (funcionario de carreira do Concello de Bergondo); suplente: Francisco Seco Franco (funcionario de carreira do Servizo de Asistencia Técnica a Municipio da Deputación Provincial da Coruña).

2.º vogal: María Dolores Pita da Veiga (funcionaria de carreira do Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación Provincial da Coruña); suplente: Isabel Pena Barca (funcionaria de carreira do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación Provincial da Coruña).

3.º vogal: Antonio Fernández Fernández (persoal laboral fixo da Xunta de Galicia); suplente: Rebeca Vázquez Vázquez (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Arzúa).

**Terceiro.**—Convocar aos membros do Tribunal, ás 9.00 horas do luns 20 de setembro de 2021, no salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo para os efectos da constitución do Tribunal e avaliación dos méritos da fase de concurso.

**Cuarto.**—Convocar, en chamanento único, aos/ás aspirantes á celebración da primeira proba da oposición, o mércores 29 de setembro de 2021, ás 9.30 horas, no Edificio da Casa da Xuventude do Concello de Bergondo.

Os aspirantes deberán presentarse co documento nacional de identidade para os efectos da súa identificación.

**Quinto.**—Determinar as seguintes medidas preventivas de obrigado cumprimento na data de celebración do primeiro exercicio para tódolos aspirantes convocados:

- Deberán acudir ao chamamento, na explanada exterior do Edificio da Casa da Xuventude do Concello de Bergondo, sen acompañantes, salvo casos de forza maior e necesidade acreditada, debendo gardar entre eles a distancia de seguridade de 1,5 metros ata o momento de chamamento para entrar no recinto de exame.
- Deberán vir provistos obrigatoriamente de mascarilla quirúrxica ou equivalente (FFP2 homologada). A negativa de uso obrigatorio de mascarilla, significará a imposibilidade de acceder ao recinto de exame, resultando directamente como “Non presentada/o”.
- Deberán vir provistos do seu propio bolígrafo azul ou negro e demáis material de escritura que consideren necesario.
- Deberán facer uso obrigatorio do xel hidroalcohólico posto a disposición á entrada e á saída do exame.
- Durante o desenvolvemento do exercicio realízanse tarefas de ventilación durante un mínimo de 30 minutos ao inicio da xornada, así como de forma frecuente durante ésta.
- Trala finalización do exame, abandonarán o recinto do exame segundo se lles vaia indicando a saída, debendo abandonar a instalación e evitando, en todo momento, aglomeracións de persoas que non respecten as distancias de seguridade interpersoal.
- O Tribunal reservarase a adopción de medidas complementarias de control no acceso, como lectura de temperatura aos /ás aspirantes, non permitindo o acceso daquelas/es que presenten temperatura superior aos 37,5.º e calquera outra que se considere procedente segundo as instrucións sanitarias do momento.

**Sexto.**—A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante a alcaldía-presidencia, no prazo dun mes a contar desde a publicación desta resolución, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, de acordo coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estimen oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos”.

En Bergondo, 3 de agosto de 2021.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez